

BORRADOR ORDE CONCURSO DE TRASLADOS PROF. RELIXIÓN

Santiago, 29 de outubro de 2020

Hoxe, mantivemos a xuntanza coa Administración Educativa para negociar o Borrador do CXT do Profesorado de Relixión. O Subdirector Xeral comprometeuse a que o Concurso se execute nun prazo aproximado dun mes.

Desde FeSP-UGT trasladamos á Administración as seguintes aclaracións:

1. Agradecemos a Consellería a citación para a negociación do borrador do concurso de traslados.
2. Queremos incidir que nos é grato que despois de tanto tempo se convoque un concurso que polo artigo 6 da Orde do 17 de Xullo de 2007 indica que “a partir do inicio do curso académico 2009/2010 as vacantes que se produzan [...] serán ofertadas de a súa provisión mediante concursos de traslado anual [...]”. Pensamos, que este baleiro temporal, será xa corrixido a partires da presente convocatoria.
3. Lembramos que este profesorado e a todos os efectos Empregado Público. Polo tanto sería aconsellable a súa máxima equiparación os seus homólogos docentes, sabendo que á normativa que lle é de aplicación dunha forma directa causa algúns desaxustes. Esperemos que os mesmos, co tempo, podan ser arranxados.
4. Lembramos tamén, á propia Consellería, que para unha maior seguridade xurídica do que se negocia se deben empregar ós órganos que legalmente están estabrecidos pola normativa existente e que hai órganos de representación coma a Mesa Sectorial de Ensino na que se deben negociar estes temas, posto que este profesorado non dispón doutro órgano de negociación con ámbito territorial de Comunidade Autónoma.
5. Con relación ó propio CXT trasladámoslle a administración as seguintes **emendas (que veremos se son asumidas pola administración)**:

VACANTES

As vacantes que se ofertan neste concurso **comprenderán as que se produzan ata o 31 de decembro 2020, sendo as** que se publican como anexo I desta convocatoria, **incluíndo as ocupadas de xeito non permanente.**

PROFESORADO QUE NON TEN UN DESTINO DEFINITIVO

...”**estará obrigado a solicitar todas as prazas nun radio de 25/35 Km,** desde o que foi o seu centro base de referencia ao centro base dos novos postos de traballo publicado na orde do 12 de xuño de 2020.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación será de **20 días hábiles contados** desde o seguinte ao da publicación da orde no DOG. Ampliación por posible continxencia COVID.

CRITERIOS DE PRIORIDADE NA ADXUDICACIÓN DE DESTINOS

Dereito preferente a localidade ou localidades .

- a) terán **preferencia** na adxudicación das prazas da localidade ou localidades correspondentes.
- b) [...] pola maior puntuación total na aplicación do baremo de méritos **na experiencia docente (antigüidade)**.

CRITERIOS DE PRIORIDADE NA ADXUDICACIÓN DE DESTINOS ADXUDICACIÓN ORDINARIA.

Profesorado de relixión desprazado por falta de horario [...]

Respectándolle o dereito consolidado, para volver encadrarse, no seu nivel de orixe.

DISPOSICIÓN DÉCIMO CUARTA: Reclamacións e renuncias.

O persoal concursante poderá presentar reclamación ás resolucións provisionais [...] **no prazo de 15 días hábiles...**

BAREMO

I. Experiencia docente:

1.1. Ampliación da puntuación. Por cada ano no mesmo nivel educativo. 2 puntos.

1.2. Ampliación da puntuación. Por cada ano en distinto nivel educativo. 1 punto.

III. Engadimos novo punto de baremación: Desempeño de cargos directivos e outras funcións docentes. + 6 puntos.

IV. Formación e perfeccionamento. Máximo 6 puntos.

4.1. Por cursos superados ou impartidos: mesma baremación. 0,20 por cada 10 horas de cursos superados e 0,20 por cada 3 horas de cursos impartidos.

Na actualidade todos os cursos son multidisciplinares e aplícanse na área docente onde se imparten os mesmos, neste caso, na área de Relixión.

Suprímese así o antigo punto 3.2.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA CUARTA

Nos seguintes epígrafes, por cada mes de servizo súmanse as seguintes puntuacións:

- no epígrafe 1.1.: 0,166

- no epígrafe 1.2.: 0,083

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA QUINTA

En ningún caso serán valorados **polo epígrafe IV** aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

Novo epígrafe III.- Desempeño de cargos directivos e outras funcións docentes.

No apartado terceiro computaranse ademais dos cursos, as xornadas, congresos, grupos de traballo, seminarios permanentes e os proxectos de formación nos propios centros.

NOVA DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA SÉTIMA

O profesorado participante non terá que consignar méritos no seu concurso se estimase que son correctos os que aparecen no aplicativo da propia administración educativa, <https://www.edu.xunta.es/datospersoais/>, axilizando o proceso de baremación.

Ademais, durante o período de participación no cxt o persoal docente pode alegar méritos ao seu expediente para a súa valoración. Achegando as certificacións correspondentes a través da aplicación mencionada ou a Chave 365.